

MEMORIA  
DO  
OBRADOIRO LITERARIO  
IMPARTIDO NO  
IES DE BAIONA  
POR  
FRANCISCO CASTRO

O Obradoiro Literario impartíuse aos alumnos do Módulo de Animación Sociocultural, aproximadamente uns 15 por sesión.

A duración do Obradoiro foi de cinco sesións de dez horas.

No Obradoiro, procurábanse os seguintes obxectivos:

- Estimular aos asistentes a través de técnicas de escritura creativa para que se atrevesen a producir textos literarios.
- Proporcionarlles técnicas de creación literaria válidas para a súa utilización no seu desenvolvemento futuro como Animadores Socioculturais.

No que segue, detallo os exercicios realizados en cada unha das sesións.

## SESIÓN 1

### O PUNTO DE VISTA LITERARIO

Fixéronse tres exercicios.

No primeiro deles ofrecéuselles unha foto dun coñecido equipo de fútbol ( Barcelona ) no intre de celebrar a consecución dun gol. Despois de explicarlles que un dos labores do escritor é atopar “un punto de vista”, pedíuselles que escribisen un texto literario tentando responder á pregunta, “¿Quen son?”, pero esquecendo que son xogadores de fútbol. Por exemplo, déuselles a proposta seguinte: “Son un equipo de gnomos antes de comezar o exame para a obtención do carné oficial de gnomos”.

Cada participante escribiu unha proposta e despois de mesturalas pasóuselles aos participantes para o seu desenvolvemento.

No segundo exercicio partimos do coñecido relato de Monterroso e o dinosauro, para que escribisen un “relato” pero utilizando só sete palabras e unha coma.

Finalmente, fixemos un exercicio de lectura colectiva. Sentados en círculo, cada participante comezaba un relato explicando que era o que vía polo ollo da pechadura, por unha fenda nunha porta, pola fiestra do forno, polo oco do ascensor, polos prismáticos... Cada participante ía escribindo un parágrafo e, á voz de ¡xa!, íase pasando ao compañeiro da dereita de tal maneira que fomos completando o relato entre todos.

## SESIÓN 2

### TODO É LITERATURA

No primeiro exercicio pedíuselle a cada participante que escribise unha confesión terrible, nunha soa frase, nun papel. Mestúranse e a cada un o que lle toque. Hai que escribir un relato explicando, nun ton confesional, o que hai que confesar.

No segundo exercicio traballamos a perspectiva infantil. Había que contar a historia familiar de cada un pero desde os ollos dun neno.

No terceiro exercicio fixemos unha especie de Xogo das Adiviñas literario. Pedíuselles que escribisen un poema pero ocultando a palabra, o concepto que se trataba de explicar poeticamente. O labor dos demais participantes sería adiviñar de que nos fala o poema.

## SESIÓN 3

### A FORZA DAS IMAXES, DOS SONS, DOS SABORES...

No primeiro exercicio traballouse a imaxe. Repartíronse fotos cheas de expresividade. O exercicio consistía en que fabricasen un relato inspirados pola imaxe, que explicasen que foi o que pasou para chegar a esa situación que amosaba a foto.

No segundo exercicio traballamos o son. Pedíuselles que escribisen un conto infantil, substituíndo as palabras por onomatopeas.

No terceiro exercicio traballouse o sabor. Pedíuselles que escribisen unha carta de amor... pero a unha galleta de chocolate que se lles deu. Ao primeiro non podían metela na boca. Tiñan que concentrarse en transmitir a sensación a través do tacto. Despois permitíuselles darlle unha pequena trabada, para que escribisen as sensación. Finalmente, puideron comela e completar así o relato.

## SESIÓN 4

### AS HISTORIAS ( SEMPRE )

No primeiro exercicio déuselles unha prosa poética de Mario Benedetti no que nos 11 primeiros parágrafos comeza coas mesmas palabras “Gústame”. No último, fala dos compromisos que aceptaría con xente como a descrita no texto. Daquela, o exercicio definiuse como un traballo de seriedade introspectiva. Tiñan que fabricar un texto a imitación do de Benedetti, comezando os 11 primeiros parágrafos con ese “Gústame” para que, ao final, quedasen perfectamente definidos.

No segundo exercicio, repartíronse titulares de prensa. A cada participante dous. Titulares sen ningunha clase de conexión. Os participantes, en función da información recibida nos titulares, tiñan que construír un relato que contestase a esa información.

No terceiro exercicio, fixemos outro exercicio de seriedade literaria. Tiñan que escribir a derradeira carta dun condenado a morte.

## SESIÓN 5

### XOGANDO COA REALIDADE

Deixamos a derradeira sesión do Obradoiro para actividades un chisco máis lúdicas e festivas, aínda que o ton xeral da actividade foi ese: a felicidade de escribir.

No primeiro exercicio, pedíuselles que redactaran unha nota de desculpa escolar, pero como Obra de Ficción. É dicir, escrita por un neno ou nena que se fai pasar por algún dos seus pais e que escribe unha nota para o profesor/a absolutamente disparatada desde o punto de vista real pero moi interesante desde o literario.

No segundo exercicio, tiveron que fabricar unha receita de cociña pero a condición era que non podía ser de nada comestible, senón de algo “espiritual”.

Finalmente, no derradeiro exercicio, cada participante debía escribir nun papel un texto, breve, que comezaría coa frase, “Se eu me atrevese a...”. De seguido tiñan que completala poñendo algo que con certeza nunca terían valor para facer. Despois de mesturadas, repartíanse e cada participante tiña que desenvolver un texto literario botando man da proposta que recibira.